

Resolución do tribunal designado pola Resolución do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 207 de 31 de outubro), que deberá cualificar o proceso de acceso por promoción interna e o proceso de provisión por Mobilidade nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocados pola Orde do 19 de abril de 2023 (DOG núm. 86 do 05/05/2023)

En sesión que tivo lugar o día 29 de decembro de 2023, este Tribunal

ACORDOU:

Primeiro. Desestimar na súa totalidade as alegacións presentadas contra a resolución de 20 de decembro de 2023 pola que se fixeron públicas as cualificacións provisionais da terceira proba do proceso e remitir informe individualizado para cada un dos aspirantes que realizou alegacións ao caso práctico xunto cunha copia do seu exercicio.

Segundo. Segundo o establecido na base 5.2 da convocatoria do proceso selectivo, publícase xunto con esta resolución os seguintes anexos:

- Anexo I coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o caso práctico coas cualificacións definitivas acadadas no mesmo, por orde decrecente de puntuación.
- Anexo II coa listaxe das persoas aspirantes que realizaron o caso práctico coas cualificacións definitivas acadadas no mesmo, por orde alfabética.

As persoas aspirantes que non figuran nestas listaxes por non presentarse a realización deste exercicio quedan excluídas automaticamente do proceso.

Terceiro. De acordo co establecido na base 9.1 da convocatoria, este Tribunal acorda aprobar como Anexo III a esta resolución, por orde decrecente de puntuación, a lista de persoas aprobadas en número non superior ao de prazas convocadas, tendo en conta o número de prazas convocadas e os concellos de pertenza desas prazas

Carto. Aprobar como Anexo IV a esta resolución, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva cun número de persoas aspirantes que será, como



máximo, igual ao de persoas aprobadas. Na listaxe de reserva figuran as persoas aspirantes que aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que acadou praza.

Quinto. Remitir aso servizo de selección, coordinación e planificación da Agasp esta resolución xunto cos anexos para a súa publicación na súa páxina web e na súa sede.

Sexto. Segundo dispón o apartado 8.8 da convocatoria, os acordos adoptados polo tribunal poderán ser obxecto de recurso de alzada, ante a persoa titular da Dirección Xeral da Agasp, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, asinado dixitalmente.

A presidenta do Tribunal
María del Carmen Rebolledo Olmedo

